

II RAID DE MELIDE

7 de marzo de 2026

Campionato Xunta de Galicia de Raid de Orientación

1º proba da Liga galega de Raid de Orientación.



II RAID DE MELIDE
CAMPIONATO GALEGO

07.03.2026 - 10:00
PREZO: 76€ POR EQUIPO
CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE RAID
1ª PROBA DA LIGA GALEGA

ORGANIZA: COLABORA:

Logos of organizing and collaborating entities: Concello de Melide, AROMON, cerne, XUNTA DE GALICIA, DEPORTE GALEGO, dgan, fedo, Concello de TOQUES, LatigaSports, and others.

Club AROMON Pontevedra
Edificio da Xunta de Galicia
Rúa Javier Puig, 1 -3º L5 (36002) Pontevedra
raid@aromon.gal Tlf: 666501339

Foto:A.Prado

• ORGANIZAN:



• PATROCINAN:



• COLABORAN:



- **SAÚDO dos ORGANIZADORES**

Despois duns anos organizando probas de liga nacional, e tras organizar o ano pasado o Campionato de España de Raid de Orientación, estamos moi ilusionados coa organización de este Campionato Galego de Raid en terras de Melide e Toques. Procuraremos realizar unha carreira como a que nos gustaría correr, esperamos que vos, os corredores estedes, polo menos, tan ilusionados coma nos.

- **DIRECTOR de CARREIRA e XUIZ CONTROLADOR.**

Director de carreira: Rubén Rodríguez Fernández

Director técnico: Adrián Moreira Alonso

Xuiza controladora: Claudia Oreiro Chapela



- **FORMATO do RAID.**

Trátase dun Raid de **8 h de duración máxima**. Estará dividido en 3 seccións de diferente duración e diferentes disciplinas deportivas: Orientación específica, Trekking, BTT e probas especiais. Será un raid no que a maioría de equipos chegará a meta collendo todas as balizas.

Trátase dun raid en bucles, todas as transicións estarán ubicadas no mesmo emprazamento, facendo así un raid máis cómodo para os equipos. Os equipos 2+1 poderán facer un relevo na metade de unha das seccións. Para chegar a ese punto facilitarase a ubicación o propio día da carreira.

O raid disputarase de forma **lineal, con algunha sección en formato score, según se especifique no libro de ruta.**

• CROQUIS e DISTANCIAS.



- Distancias categorías 3+0 e 2+1

Sección	Disciplina	P. Especial	Km	+ total	- total
1	TREK		9	120	120
2	BTT+TREK		45,5	1060	1060
			10	400	400
3	TREK	Ponte mono	9	200	200
SUMA			73,5	1780	1780

- Distancias categoría Orienta-raid.

Sección	Disciplina	P. Especial	Km	+ total	- total
1	TREK		9	120	120
2	BTT		24	600	600
3	TREK		9	200	200
SUMA			42	920	920

Usaranse mapas creados expresamente para a proba a partir da base Mapant, debidamente revisados e actualizados. En ningún momento se usarán mapas do IGN.

- Proba especial de cordas:** Consistirá nun ponte mono cruzando un río. Habará persoal de organización no inicio e no final da ponte. IMPORTANTE atender as súas indicacións. Debedes cruzar a ponte de un en un. Non se debería producir colas, pero de ser así deberedes esperar. Teremos dúas liñas de vida, tedes que anclarvos cos mosquetóns a elas, un mosquetón a cada liña de vida. Se alguén non se ve seguro para cruzalo, pode obvioalo e dar unha volta. Se non se cruza o ponte non se pode picar esta baliza.

A categoría **Orienta-Raid NON ten proba especial de cordas.**

ASISTENCIA

NON será **OBRIGATORIA** a asistencia para ningunha das categorías (3+0, 2+1 ou OrientaRaid). O raid será en bucles.

• CHEGADA e SAÍDA da PROBA.

O centro de competición será no municipio de Melide.

En Melide será o chan duro, a secretaría, a saída, a meta, as duchas ao acabar a carreira, a entrega de premios e o pincho final.



• Proba popular O-Pé.

Paralelo ao raid, en horario de mañá, teremos unha proba de O-Pe aberta a todo aquel que queira participar ou probar este deporte. Abriremos unha das seccións do raid para que acompañantes e público en xeral a poida percorrer. Trátase de unha proba de promoción non competitiva. Poderase participar tanto individualmente ou en equipos (max 5 integrantes por equipo).

De 11:00 a 11:30 se iniciarán as saídas de forma graduada.

Inscricións xa abertas a través da plataforma [Cluber](#).

Terá un custo de **5€ adulto e 2€ para nenos** (menores de 16 anos) e un prezo reducido de **3€ para socios adultos** (nenos de balde) de Aromon e de Ad. Cerne.

• PROGRAMA da PROBA.

Domingo 11 de xaneiro	
00:00 h	Apertura de inscricións
Martes 17 de febreiro	
22:00	Finalización primeiro período de inscricións
Martes 17 de febreiro	
22:01	Inicio segundo período de inscricións

Martes 3 de marzo	
22:00	Pecche de inscricións
Martes 3 de marzo	
	Presentación do II Raid Melide – Campionato Galego coa prensa
Venres 6 de marzo	
20:00 a 23:00 h	Apertura chan duro en Melide.
Sábado 7 de marzo	
8:00 a 9:45	Recepción, entrega de documentación e pulseiras de seguridade. Para Orienta-raid a secretaria estará aberta ata as 10:15
9:30	Charla técnicas. Últimas aclaracións.
9:45	Entrega de mapas categorías 3+0 e 2+1.
10:00 h	SAÍDA en MASA do II Raid de Melide – Campionato galego
10:15	Entrega de TODOS os mapas categoría Orienta-raid.
10:30 h	SAÍDA en MASA da categoría Orienta-raid do II Raid de Melide
11:00 h	Inicio saídas proba popular O-Pe (Actividade paralela ao Raid)
	Carreira en Curso
18:00 h	PECHE DE META do II Raid de Melide – Campionato galego
19:00 h	ENTREGA de PREMIOS, CLAUSURA co PINCHO FINAL e SOTEOS

• CATEGORÍAS.

Teremos 3 categorías:

- **3+0:** Tres competidores sempre en carreira.
- **2+1:** Dous competidores sempre en carreira e un posible reserva-asistencia que se poderá intercambiar nos puntos de transición.
- **Orienta-Raid:** Categoría de iniciación, non oficial, de menor dificultade, distancia e tempo (6 horas máximo), con un mínimo de 2 compoñentes (sen máximo) sempre en carreira, que se poderán intercambiar nos puntos de transición.

• TROFEOS.



Boletín 2

RAID MELIDE Cto Galego 2026



Terán trofeo os 3 primeiros equipos clasificados do campionato galego de cada **categoría oficial: 3+0 e 2+1.**

• NORMAS e REGULAMENTOS.

As normas que rexirán o II Raid de Melide son as recollidas no regulamento de Raids da Federación Galega De Orientación (FEGADO):

- [Regulamento de Raids de Aventura](#)
- [Normativa Liga galega e Campeonato Galego](#)

• SISTEMA SPORTIDENT (SI).

O control da proba realizarase co sistema SportIdent, polo que **cada participante** (da categoría oficial, un por equipo na categoría Orienta-Raid) terá que utilizar unha **tarxeta electrónica SI, modelo SI-10, SI-11 ou SIAC**,

No caso de non indicar o número de tarxeta na inscrición, asignarase unha de aluguer a recoller na secretaría (**coste do aluguer 3€**), non se admitirán modificacións despois do peche de inscricións.

Os participantes que utilicen tarxeta SI propia, deberán presentarse na secretaría sen goma de suxección para facilitar o precintado da mesma na muñeca, mediante unha pulseira de seguridade. **No caso de ruptura da pulseira en carreira, haberá que substituíla, previa información da organización, no menor tempo posible.**

En caso troco de nº de SportIdent o día da proba se cobrará un suplemento de 3€.

• MATERIAL OBRIGATORIO.

Material Obrigatorio sempre en carreira:

- 1 Teléfono móvil por **equipo**, con nº PIN (en caso de telo) pegado por fora e en bolsa estanca, non poderá ser utilizado máis que en caso de emerxencia, o seu uso para outro fin supoñerá a descualificación do equipo.
- Un compás por **equipo**.
- 1 Botiquín por equipo: Con venda de a lo menos 1m de longo, 2 gasas estériles, antiséptico, esparadrapo.
- 1 Asubío por compoñente, necesario coñecer o código morse de SOS (...---...)
- 1 Manta térmica completa por compoñente. Dimensións: 160 x 210 cm
- Chaqueta impermeable por compoñente.
- Gorra, gorro ou buff por compoñente
- Recipiente para transportar líquido, mínimo 1 litro por compoñente.
- Frontal e chaleco reflectante por compoñente.

Material obrigatorio por disciplina:

- **BTT**: Bicicleta, casco e luz vermella traseira por compoñente, kit de ferramentas por equipo.
- **Probas especiais**: Arnés, casco, 2 mosquetóns de seguro, 2 cabos de ancoraxe (mínimo 60cm), por compoñente.

• INFORMACIÓN e INSCRICIÓN.

Ao finalizar o evento teremos un pincho para todos os participantes onde se fará a entrega de trofeos e tamén un SORTEO presencial de produtos.

A inscrición dos equipos, solicitude de licencias da proba e o aluguer da tarxeta SportIdent **realizarase a través da plataforma TRACKTHERACE** ([ENLACE](#))

CUSTO da INSCRICIÓN:

Ata 22:00 horas do 17 de febreiro:

- **76 € por equipo participante de categoría 3+0 y 2+1.**



Boletín 2

RAID MELIDE Cto Galego 2026



- **20 € por corredor en categoría Orienta-Raid.**

Dende as 22:01 horas do 17 de febreiro ata as 22:00 horas do 3 de marzo:

- **87 € por equipo participante de categoría 3+0 y 2+1.**
- **25 € por corredor en categoría Orienta-Raid.**


Os participantes que teñan Licencia de Orientación expedida pola FEDO deberán reflexar o seu número no formulario de inscrición, en caso de non indicalo, tramitarase por defecto unha **Licencia de Proba: custo de 10 €**, non se admitirán modificacións posteriores ao peche de inscrición.

Os participantes que teñan tarxeta SportIdent deberán indicar o seu número no formulario de inscrición, no caso de non reflexalo, asignarase por defecto unha de **aluguer: custo de 3 €**, non se admitirán modificacións posteriores. A perda ou deterioro da mesma terá un custo de 65 €.

Calquera duda pode ser resolta coa organización mediante o correo electrónico raid@aromon.gal ou por Whatsapp no 666501339 (Rubén). O equipo non terá finalizado a súa inscrición ata que teña realizado correctamente as accións indicadas en TRACKTHERACE e teña feito o pago (ou transferencia bancaria) correspondente, o pago fora de prazo non será válido.

- **ZONA de COMPETICIÓN.**

AROMON
Pontevedra
Montañeiros A Roelo



A zona sombreada considerase de competición, e prohibida para os competidores dende o momento da publicación de este primeiro boletín ata a data da competición.

• CHAN DURO

O chan duro estará ubicado no Pazo de Congresos de Melide, en caso de querer utilizalo teredes que avisar vía mail a adceme@gmail.com antes do mércores 4 de marzo

• ALOXAMENTO

No término municipal de Melide existe unha ampla oferta de habitacións, hoteis, albergues e apartamentos turísticos.

<https://www.turismomelide.com/index.php/es/donde-dormir>

- **CAIDADO do ENTORNO.**

A carreira disputarase nun entorno natural privilexiado, con enclaves pertencentes a RED NATURA 2000, polo que pedimos máximo respecto polo medio, sen tirar residuos e que o noso paso séa inapreciable.

Gran parte do recorrido discorrerá por montes de propiedade privada (CMVMC) do mesmo xeito debemos coidar e respectar ese monte e agradecer ós seus propietarios que nos permitan o seu uso e disfrute.

Más información do Raid:

- <http://www.fegado.es>
- www.aromon.gal

A organización resérvase o dereito a suspender a proba por causas alleas á mesma.

- **TURISMO**

<https://www.turismomelide.com/index.php/es/>

<https://toques.gal/portada/informacion-turistica-2/>

AROMON
Pontevedra
Montañeiros A Roelo

¡¡¡ESPERÁMOSVOS!!!